


Contesta:

1.- Indica se son V/F as frases seguintes:


- a) Unha poboación está formada por un conxunto de comunidades
- b) A comunidade está formada por un conxunto de poboacións
- c) A competencia é unha relación intra e interespecífica
- d) Definimos nicho ecolóxico como o lugar no que habita unha especie
- e) A comunidade clímax presenta unha baixa produtividade
- f) A relación depredador - presa é de realimentación positiva
- g) Varias especies diferentes poden compartir hábitat

2.- A partir das seguinte gráfica, contesta: a) Que representa?, b) Que significan A, B, C e D?, c) Cal das dúas curvas (B ou C) representa unha situación de equilibrio, e como é este equilibrio?



3.- a) Cita tres especies invasoras na Península Ibérica, b) Sinala tres efectos ecolóxicos que produce unha especie invasora.

4.- a) Como se denomina o proceso representado na figura seguinte?, b) Que sucede coa diversidade ao longo do mesmo, por que?, c) Que dous tipos existen e en que se diferencian?, d) Como se denomina o proceso inverso? Menciona dúas posibles causas antrópicas e dúas naturais que poden orixinalo.



5.- Indica de que tipo son as relacións: **a)** bacterias no intestino humano que sintetizan vitamina K ; **b)** formigueiro; **c)** andoriñas migrando; **d)** león - hiena; **e)** lobo - ovella; **f)** flor - abella; **g)** fungo *Penicillium* e bacterias; **h)** pingüín - foca

### Solucións:

1.-

a	b	c	d	e	f	g
F	V	V	F	V	F	V

2.-

a) Representa o crecemento as poboacións en condicións óptimas ou de forma exponencial (**B**), e en condicións normais ou de forma loxística (**curva C**).

b) **A**: capacidade ou límite de carga (K)

**B**: potencial biótico máximo, curva en forma de J de crecemento exponencial

**C**: crecemento estacionario da poboación en torno ao límite de carga, curva en S.

**D**: resistencia ambiental, ou factores internos e externos que impiden o crecemento máximo.

c) A gráfica **C** representa unha situación e estabilidade, en forma de equilibrio dinámico pois o tamaño da poboación oscila en forma de fluctuacións en torno á capacidade de carga.

3.- Hai varias posibilidades, podemos citar o visón americano, o mexillón cebrado e a alga xaponesa.

As especies introducidas, de forma voluntaria ou non, nun medio diferente ao propio, poden prosperar libres de parasitos, competencia e depredadores, especialmente se son xeneralistas e de alto potencial biótico, e chegan a desprazar as autóctonas do seu nicho ecolóxico, ou ben as depredan ou lle introducen enfermidades para as que non desenvolveron defensas, producindo perda de biodiversidade e alteración do equilibrio do ecosistema, e podendo chegar a ocasionar unha regresión.

4.- **a**) sucesión ecolóxica; **b**) aumenta a diversidade porque a substitución de especies xeneralistas por outras máis especialistas supón a ocupación dun maior número de nichos ecolóxicos; **c**) sucesión primaria, a partir dun medio non colonizado, e sucesión secundaria, a partir dun medio que sufriu unha perturbación anterior; **d**) é a regresión, que supón a involución do ecosistema, que ten lugar por causas naturais como unha erupción volcánica ou un tsunami, e por causas antrópicas como a deforestación por tala, ou a urbanización da costa.

5) **a**) simbiose ; **b**) sociedade; **c**) asociación gregaria; **d**) comensalismo (o carroñeiro aliméntase dos restos que deixa o carnívoro); **e**) depredación **f**) mutualismo **g**) antibiose (amensalismo) **h**) competencia interespecífica,

**b, c** son intraespecíficas / **a, d, e, f, g, h** son interespecíficas